



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra
Departamento Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Edificio Administrativo de Campolongo
Avda. Fernández Ladreda 43
36003 Pontevedra

En Pontevedra a 10 de xuño de 2015

A permanente da Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra esixe a paralización da LOMCE, a retirada dos currículos de ESO e Bacharelato e a eliminación das reválidas.

A Permanente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra:

- Manifesta unha vez máis o seu rexeitamento á LOMCE por estar impregnada de principios neoliberais; por reducir as competencias que ten o goberno galego recentralizando o sistema educativo; polo seu nesgo confesional; por estar orientada á unha aprendizaxe memorística e academicista; por promover valores involucionistas e sexistas; por afirmar un sistema clasista, competitivo e segregador e por renunciar á normalización lingüística.
- Esixe á Consellaría que paralice o actual proceso de implantación desa lei.
- Aplauda e asume como propio o recente pronunciamento do Consello Escolar de Galicia, en forma de emenda á totalidade, que demanda a retirada do anteproxecto de Decreto de Currículo para Educación Secundaria e Bacharelato LOMCE presentado pola Consellaría.
- Felicítase polo éxito da mobilización das familias que decidiron non enviar os fillos/as aos colexios os días 27 e 28 de maio para evitaren a realización da "proba de avaliación diagnóstica" ou "reválida" LOMCE de 3º de Primaria.
- Reitera o seu rexeitamento tanto a esa como ás demais "probas" ou "reválidas" que se queren implantar en base á LOMCE (6º de Primaria, 4º de ESO, 2º de Bacharelato), reclamando a súa retirada definitiva do sistema educativo galego.

Asdo. Xabier Pérez Davila

Presidente da XPD - Pontevedra

Asinan esta declaración as organizacións sindicais CIG-ensino, CCOO, Fete-UGT, STEG e CSIF.